CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación
RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111


DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

# PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN O CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN (CANON) DOS SERVIZOS DE BAR-CAFETERÍA NO EDIFICIO DO CENTRO SOCIAL DO MAR DO CONCELLO DE BUEU

INDICE

I.- Obxecto, réxime xurídico, órgano e procedemento de contratación
- I.1-Obxecto do contrato, ámbito físico e descrición do local destinado a bar-cafetería e clasificación do contrato.
- I.2- Alcance temporal da explotación do servizo por mor da súa vinculación á concesión administrativa de Portos de Galicia a favor do concello de Bueu do espazo onde se ubican as instalacións obxecto do contrato
- I.3.- Normas aplicables.
- I.4- Órgano de contratación.
- I.5- Procedemento de adxudicación e tramitación do expediente.

II.-Duración do contrato e prórrogas

III.-Réxime económico e financeiro.
- III.1 . Retribución do contratista.
- III.2 . Canon.
- III.3 . Prezo do contrato.
- III.4 . Gastos a cargo do adxudicatario.

IV.-Garantías.
- IV.1. Garantía provisional
- IV.2. Garantía definitiva

V.-Consulta do expediente, resolución de dúbidas dos PCAP e dos PPT e perfil do contratante.

VI.-Capacidade para contratar.

VII.-Proposicións.
- VII.1. Lugar e prazo de presentación.
- VII.2. Documentación
  - VII.2.1.Declaración responsable e documento de aceptación de forma de comunicación/notificación.
    - A) Declaración responsable.
    - B) Documento de aceptación de forma de comunicación/notificación.
  - VII.2.2 Sobre A: Oferta económica.
  - VII.2.3 Documentos orixinais e lingua.

VIII.- Adxudicación do contrato.
- VIII.1. Criterios de adxudicación.

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111


DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

VIII.2. Normas xerais
VIII.3. Apertura e valoración das ofertas
VIII.4. Presentación de documentación e adxudicación do contrato.
IX.- Mesa de contratación
X.- Formalización do contrato e obrigas previas.
XI.- Execución do contrato.
XI.1. Risco e ventura, responsabilidade do contratista e cobertura de riscos
XI.2. Obrigas do contratista.
XI.3. Dereitos do contratista.
XI.4. Potestades do Concello
XI.5. Incumprimento do contratistas
XI.5.1. incumprimento do contratistas
A. Infraccións leves
B. Infraccións graves.
C. Infraccións moi graves.
XI.5.2. Penalidades
XI.5.3 Imposición de penalidades
XII.- Extinción do contrato e efectos.
XIII.-Inventario e reversións
XIV.- Réxime xurídico e xurisdición competente

Anexo I.- Cadro resumo do contrato.
Anexo II.- Declaración responsable
Anexo III.- Oferta económica
Anexo IV.- Informe dos servizos técnicos municipais
Anexo V.- Documentación gráfica.
Anexo VI.- Reportaxe fotográfico do estado actual das instalacións.

CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación
RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

**PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN O CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO CON UN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN ( CANON) DOS SERVIZOS DE BAR-CAFETERÍA NO EDIFICIO DO CENTRO SOCIAL DO MAR DO CONCELLO DE BUEU**

## I.- OBXECTO, RÉXIME XURÍDICO, ÓRGANO E PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN

I.1. Obxecto do contrato, ámbito físico e descrición do local destinado a bar-cafetería e clasificación do contrato

O presente prego (PCAP) ten por obxecto fixar o procedemento e condicións para a explotación dos servizos de bar-cafetería no Centro Social do Mar (CSM) do Concello de Bueu, sito na avda. Montero Ríos, 22B, baixo, Bueu, que inclúe as prestacións e servizos esixidos neste prego, no de prescripcións técnicas (PPT) e nas disposicións xerais e específicas á categoría do establecemento co obxecto de ofrecer estes servizos aos cidadáns de Bueu nunha zona emblemática do termo municipal nas seguintes condicións:

a) A superficie obxecto do contrato especial de explotación de bar-cafetería está sito no interior do ben inmoble denominado “Centro Social do Mar” conta con 130,05 m2 e distribúese coas superficies correspondentes de xeito detaiado na documentación gráfica incorporado no anexo V dos presentes pregos que resulta do informe técnico do Arquitecto técnico municipal de data 11 de maio de 2015

b) Usos permitidos no contrato: Os propios deste tipo de locais públicos (bar-cafetería)

c) O local disporá das instalacións necesarias para a prestación do servizo de bar-cafetería, non sendo necesario máis que dotalo do mobiliario e equipamento preciso para prestar o servizo.

O contrato regulado neste prego e no PPT en ningún caso implica a explotación total do obxecto concesional por un terceiro, de modo que o concesionario deveña nun mero detentador-intermediario da concesión.

A clasificación do servizo consonte ó Vocabulario Común de Contratos (CPV) do Regulamento (CE) nº 2195/2002, modificado polo Regulamento CE núm. 213/2008 é a seguinte: 55330000-2 (Servizos de cafetería) e a codificación correspondente da nomenclatura da clasificación de actividades económicas (CNAE) é a 5630 “Establecimientos de bebidas”.

I.2.- Alcance temporal da explotación do servizo por mor da súa vinculación á concesión administrativa de Portos de Galicia a favor do concello de Bueu do espazo onde se ubican as instalacións obxecto do contrato

A explotación do bar-cafetería realizase nunha parte das instalacións do CSM ubicadas nunha parcela de dominio público portuario adscrito ao porto de Bueu sobre o que existe unha concesión administrativa a favor do concello de Bueu, en base á resolución de 27.11.2000 (RE núm. 6468/14 de 11.12.00) e que conta co ofrecemento de prórroga da concesión polo máximo posible mediante resolución de 28.07.2015 do Presidente de Portos de Galicia (RE núm. 5939/15 de 30 de xullo de 2015)

Neste senso o servizo de bar-cafetería obxecto da contratación queda condicionado polo prazo da concesión administrativa de Portos de Galicia (Consellería do Mar e do Medio Rural) a favor do concello de Bueu da parcela de dominio público portuario adscrito ao porto de Bueu sobre a que ditas instalacións se ubican, sen que a duración do contrato poida superar dito prazo concesional.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

Ao respecto a concesión administrativa de portos de Galicia (Consellería do Mar e do Medio Rural da Xunta de Galicia) a favor do concello de Bueu da parcela de dominio público portuario outorgase por un prazo ata o 30.11.2030.

I.3.- Normas aplicables
O presente contrato ten natureza administrativa especial de conformidade co artigo 19.1.b) do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14.11, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP), e ambas as partes quedan sometidas expresamente ao disposto no citado texto refundido, e as súas disposicións de desenvolvemento, concretamente, no que non se atope derrogado por esta, polo Regulamento xeral da lei de contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, de 12/10 e no Real decreto 817/2009, de 08/05, que desenvolve parcialmente a lei 30/2007; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

O presente contrato rexerase polo disposto neste Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e no de Prescricións Técnicas (PPT), que revestirán carácter contractual. No caso de contradición entre o PCAP e o PPT prevalecerá o primeiro. O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte do mesmo, ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole aprobadas pola Administración municipal, que puideran ser de aplicación na execución do pactado, non eximirá ao contratista da obriga do seu cumprimento.

En todo caso, o presente prego e o contrato que derive del quedará sometido en canto ao seu réxime xurídico prevalente ao establecido na propia concesión e na lei 5/1994, de creación de Portos de Galicia e no seu Regulamento, na lexislación de Portos do Estado e da mariña mercante, hoxe integrada na redacción actual do texto refundido aprobado por R.D.L 2/2011 de 5 de setembro, na lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia e nas demais disposicións aplicables ás concesións sobre dominio público portuario.

Con carácter xeral entre as condicións dos títulos demaniais se establece que o concesionario poderá explotar actividades incluídas na concesión a través de arrendamentos parciais ou de calquera outra cesión temporal a terceiros permitida pola regulación vixente, previa autorización se procede, por Portos de Galicia.

Asemade, o artigo 73.1 o texto refundido da lei de Portos do Estado e da mariña mercante, establece como normativa de peche a lexislación de costas, de xeito que cabe a aplicación do artigo 137. 3 do Real Decreto 1471/89 que aproba o Regulamento da Lei de Costas, segundo o cal é factible a celebración de calquera contrato que implique a participación dun terceiro na explotación da concesión.

O PRESENTE CONTRATO NON ESTÁ SUXEITO Á REGULACIÓN HARMONIZADA.

I.4. Órgano de contratación
O órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local do Concello de Bueu, por delegación de Alcaldía efectuada mediante Resolución de Alcaldía de 17.06.2015 (BOP núm. 121 de 26.06.2015).

Dito órgano ten as facultades relativas á adxudicación do correspondente contrato e, as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofreza o seu cumprimento, modificalo

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111


DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, coa suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista a súa impugnación perante a Xurisdición competente.

I.5. Procedemento de adxudicación e tramitación do expediente.
O contrato adxudicarase polo procedemento aberto, no que todo empresario poderá presentar unha proposición quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores, cun único criterio de adxudicación nos termos sinalados nos arts. 138,2, 150, 157 e 161.1 do TRLCSP e tramitación ordinaria.

## II.- DURACIÓN DO CONTRATO E PRÓRROGAS

O prazo de duración do contrato será de DOUS (2) ANOS estando previsto o seu inicio na data seguinte á de formalización do contrato en documento administrativo.

Poderá acordarse a súa prórroga por períodos dun ano sen que a duración total das prórrogas no seu conxunto, sexa superior ao período inicialmente contratado, polo que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas non pode exceder de catro (4) anos.

A prórroga pode producirse a instancia do contratista ou do concello de Bueu, a través do seu órgano de contratación, e axustarase as seguintes regras:
a) Se se produce a instancia do contratista, este debe solicitalo tres meses antes de que transcorra o prazo de finalización do contrato ou das eventuais prórrogas e debe ser aceptado de modo expreso polo concello. Se a prórroga se solicita polo adxudicatario e non se contesta polo concello antes de que venza o prazo de duración, entón procede a extinguirse o contrato e enténdese non prorrogado.
b) Se a prórroga se produce a instancia do concello bastará un acordo do órgano de contratación que deberá ditarse con carácter previo á finalización da duración do contrato ou das eventuais prórrogas. Está prórroga ten un carácter forzoso para o adxudicatario e non necesita aceptación deste.
c) As prórrogas só se poden acordar por anos.
d) O ente concedente, transcorrido o prazo de vixencia do contrato (ou as eventuais prórrogas se se utiliza esta posibilidade), poderá impor ao contratista unha prórroga forzosa. Está prórroga manterase ata que o novo contratista preste os servizos ou se opte por non continuar coa prestación dos servizos de bar- cafetería, sen que poida exceder, en todo caso, de 6 meses.

Na concesión de prórrogas o concello examinará no seu momento a concorrencia doutros posibles intereses públicos ou necesidades respecto do local e instalacións, a conveniencia de nova licitación á vista das posibilidades do mercado, o grao de cumprimento das súas obrigas polo contratista, etc.

**O establecemento deste prazo de duración do contrato enténdese, en calquera caso, sen prexuízo da facultade municipal de declarar a extinción do contrato,de conformidade co previsto no presente prego e na lexislación xeral de aplicación á este contrato.**

**A duración do contrato queda determinado e condicionado polo alcance temporal na prestación do servizo definido na cláusula I.2 dos PCAP, de xeito que no caso de finalización da concesión administrativa de portos de Galicia (Consellería do Mar e do Medio Rural) a favor do concello de Bueu da parcela de dominio público portuario adscrito ao Porto de Bueu sobre a que ditas instalacións se ubican o contrato resolverase anticipadamente por quedar vinculado dito contrato á**

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

**duración de dita concesión.**

## III.- RÉXIME ECONÓMICO E FINANCIEIRO

III.1 Retribución do contratista.
A retribución do contratista estará constituída polos prezos de natureza privada que percibirá directamente dos usuarios polos produtos, servizos e consumicións obxecto de venda. Neste senso, o contratista quedará obrigado a expoñer publicamente de forma visible o prezo dos produtos e consumicións obxecto de venda.

O contratista deberá comunicar o concello de Bueu o cadro de prezos dos produtos e servizos que preste con carácter previo a súa efectividade.

III.2 Canon.

1. O contratista deberá aboar ao concello de Bueu un canon anual.

2. O importe do canón será proposto na oferta económica polos licitadores, sen que poida ser inferior a 4200.-€/ano (catro mil douscentos euros/ano). A contía concreta deste será a que resulte da adxudicación deste contrato.

3. O canon non poderá ser obxecto de revisión consonte dispón o réxime aplicable á revisión dos valores monetarios no ámbito do sector público contido na lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española (BOE núm. 77 de 31 de marzo de 2015).

4. O canon de cada ano ingresarase semestralmente. A estes efectos, o contratista queda obrigado a realizar o correspondente ingreso na seguinte conta bancaria: IBAN. ES27 0030 6086 3403 7510 2273 (SWIFT: BSCHESMMXXX). O prazo para o pago de cada un dos semestres será o derradeiro día do primeiro mes de cada período. En caso de non facelo esixirase pola vía de apremio. Para o ingreso do canón do ano natural correspondente a sinatura do contrato estarase o disposto no parágrafo seguinte.

5. O canon correspondente ao ano da sinatura do contrato pagarase dunha soa vez. O prazo para o pago será o derradeiro día do mes de formalización do contrato . A contía será o equivalente ao importe anual do canon prorrateándose polos meses que quedan ata a finalización do ano actual.

6. En caso de non pagamento esixiranse as penalidades previstas nestes pregos.

O canon terá a consideración de ingreso de dereito público.

III.3 Prezo do contrato.
O prezo orixinal do contrato establécese en 4200 (catro mil douscentos) euros anuais, ou cantidade mellorada polo adxudicatario.

III.4 Gastos a cargo do adxudicatario.
O adxudicatario estará obrigado a sufragar, ademais dos gastos que se dispoñen neste prego os seguintes:

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

a) O pago do canon ofertado polo adxudicatario nos prazos establecidos no prego.
b) O pago dos tributos e prezos públicos locais, estatais, autonómicos, ou de calquera ente público, actuais e futuros, que recaian sobre os bens e actividades comprendidos na actividade de bar- cafetería.
Neste senso deberá aboar as taxas que resulten do desenvolvemento dunha actividade económica en dominio público portuario previsto na lei 6/2003 de 9 de decembro de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade autónoma de Galicia, e en especial a taxa ACIS (Actividades Comerciais, Industriais e de Servizos no dominio público portuario) que lle corresponderá ao arrendatario pola actividade que desenvolva. Asemade deberá aboar a taxa TODP (Taxa de Ocupación do Dominio Público Portuario) e de calquera facenda ( por exemplo IBI) respecto das que sexan suxeitos pasivos e/ou obrigados ó pago, que non están incluídas no prezo do contrato.
c) O pago dos gastos de electricidade, consumos de gas, teléfono e subministro de auga e calquera outro de natureza análoga. A estes efectos, será de cargo do/a adxudicatario/a a instalación das correspondentes tomas, instalando contadores independentes que medirán o consumo anual a nome do/a contratista.
d) Os que se orixinen pola contratación do persoal necesario para a correcta execución dos servizos de bar- cafetería.
e) Os derivados da contratación.
f) O pago dos seguros que se especifican na cláusula XI.1 dos presentes pregos.
g) Asumir o pagamento dos gastos dos anuncios de licitación no BOP e o de adxudicación definitiva do contrato no BOP. Deberá procederse o pago no prazo de 10 días desde que se lle notifique o importe. Estes gastos de anuncios non superarán os 1000 euros.
h) Calquera outro que derive da prestación dos servizos de bar-cafetería ou que se estableza no prego.

## IV.- GARANTÍAS

IV.1 Garantía provisional.
De conformidade co previsto no artigo 103.1 do TRLCSP, para optar á esta licitación non se esixe a constitución de garantía provisional.

IV.2. Garantía definitiva.
O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que tivera recibido o requirimento, constitúa garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, de acordo co artigo 151.2 TRLCSP, constituído este polo canon anual ofertado polo adxudicatario. De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta.

A citada garantía poderá constituírse nas formas admitidas no artigo 96-TRLCSP e nos artigos 55, 56, 57 e 58 do RXLCAP.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato. Fíxase un prazo de garantía de 6 meses, contados desde a devolución das instalacións ao concello de Bueu e a firma da súa recepción conforme.

Esta garantía responderá dos conceptos incluídos no artigo 100 do TRLCSP.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

A incautación parcial ou total da garantía por incumprimento obrigará ao contratista a repoñer o importe da garantía incautada.

A garantía definitiva será devolta o contratista cando se extinga o contrato, sempre que se deixase libres e vacuos os bens e instalacións que deban reverter ao concello de Bueu e en bo estado de conservación e mantemento, e non teñan que facerse efectivas responsabilidades sobre esta.

## V.- CONSULTA DO EXPEDIENTE, RESOLUCIÓN DE DÚBIDAS DOS PCAP E DOS PPT E PERFIL DO CONTRATANTE

O expediente contractual é público e, xa que logo, os PCAP, PPT e os restantes documentos administrativos que del forman parte, regulan o mesmo, poderán ser examinados do xeito indicado na presente cláusula.

O PCAP así como os PPT, xunto cos demais documentos que integran o expediente, estarán de manifesto na Secretaría Xeral do Concello de Bueu, ata o momento en que finalice o prazo de presentación de proposicións, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas.

A licitación publicarase no Perfil do Contratante. No Perfil do Contratante do órgano de contratación, publicarase os PCAP, PPT, así como a adxudicación do contrato e calquera outro dato e información referente a súa actividade contractual, de acordo co establecido no artigo 53 do TRLCSP.

O acceso público ao Perfil do Contratante efectuarase a través do portal da web municipal (www.concellodebueu.org).

Para a obtención de información que poidera solicitarse polos interesados estarase ao seguinte:

- Que só será obrigatoria para a administración municipal a remisión de aqueles documentos que non se atopen publicados no perfil de contratante municipal.
- Que só será obrigatoria para a administración municipal a remisión daquela documentación ou información que sexa precisa, ou convinte, para a formulación das ofertas.

A obtención de copias implicará o abono da tasa establecida na correspondente ordenanza fiscal.

En materia de aclaración do contido do presente prego e o de prescripcións técnicas e, no seu caso, demais documentación complementaria, todos os interesados poderán dirixir a súas dúbidas e consultas que estimen convenientes mediante correo electrónico dirixido á dirección contratacion@concellodebueu.org, cunha antelación mínima de 48 horas ao remate do prazo de presentación de solicitudes de participación. O concello publicará no taboleiro de anuncios da casa consistorial e no seu perfil do contratante as consultas e respostas coa salvagarda da identidade da persoa física ou xurídica que a formule.

## VI.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR

Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar cumpran as condicións de aptitude do artigo 54 do TRLCSP e non se atopen incursas nas prohibicións do artigo 60 da citada norma, e acrediten a solvencia económica e financeira, técnica ou profesional que se esixe nos termos que resultan do cadro de características que se incorpora como anexo I aos

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

presentes pregos e no reverso do modelo de declaración responsable que figura como anexo II deste prego, sen prexuízo do que se dispón para as empresas non españolas de estados membros da Comunidade Europea.

De tratarse de persoas xurídicas o obxecto social da entidade deberá comprender o desenvolvemento de todas as actividades que constitúen o obxecto do contrato ao que concorren.

## VII. PROPOSICIÓNS

VII.1. Lugar e prazo de presentación
As proposicións para poder tomar parte no procedemento aberto presentaranse no Rexistro Xeral do concello sito na planta baixa da Casa Consistorial, dentro do prazo de QUINCE (15) DÍAS NATURAIS contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no B.O.P., sen prexuízo da publicación do correspondente anuncio no perfil do contratante nos termos esixidos no art. 142 do TRLCSP e no taboleiro de anuncios da casa consistorial, en horas de oito a catorce, de luns a venres, e de nove trinta a trece horas, os sábados. Se o último día do prazo para presentar proposicións fora inhábil entón enténdese prorrogado o prazo ata o primeiro día hábil.

Se dentro do prazo anteriormente sinalado se produciran reclamacións contra o prego, non suspenderan o prazo para a presentación de proposicións á licitación e serán resoltas polo órgano de contratación. Malia iso, para o suposto de estimación destas, procederá, no seu caso, a modificación dos pregos e a apertura dun novo prazo.

A presentación de proposicións poderá realizarse ben persoalmente ou ben mediante envío por mensaxería entregado no lugar e prazo sinalado anteriormente. Tamén poderá realizarse mediante envío por correo.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío nas Oficinas de Correos e anunciará a remisión da súa oferta ao órgano de contratación, no mesmo día, mediante télex, fax ou telegrama remitido ao número do Departamento de secretaría (fax núm. 986 322 099). Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado para a presentación de proposicións. Malia isto, transcorridos 10 días naturais desde o remate do prazo de presentación, ningunha proposición enviada por correo será admitida.

Non poderán presentarse as proposicións por medio electrónicos, telemáticos ou informáticos, ao non dispor o concello de Bueu dun programa informático ao efecto.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición, nin subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de tódalas propostas por el subscritas.

A proposición quedará conformada pola documentación contida na cláusula VII.2.1 e por UN (1) SOBRE PECHADO (A), "OFERTA ECONÓMICA PARA O SERVIZO DE BAR-CAFETERIA NO CENTRO SOCIAL DO MAR" , relacionado na cláusula VII.2.2. No sobre figurará externamente o NOME DO LICITADOR e, no seu caso, do REPRESENTANTE, DOMICILIO SOCIAL, TELÉFONO, CORREO ELECTRÓNICO e FAX, a efectos de comunicación, así como o TÍTULO DO CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL "SERVIZOS DE BAR- CAFETERÍA NO EDIFICIO DO CENTRO SOCIAL

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

DO MAR DO CONCELLO DE BUEU", e incluirá a documentación que se indica no apartado seguinte.

**A documentación deberá estar debidamente numerada e farase constar en folla independente o contido do sobre con indicación dos folios aos que corresponde.**

A presentación da proposición ou solicitude de participación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das cláusulas ou condicións deste prego, sen salvidade ou reserva algunha.

VII.2. Documentación

VII.2.1. **Declaración responsable e documento de aceptación de forma de comunicación/notificación**
Estes documentos presentaranse de forma independente e fóra do sobre A.

A) Declaración responsable.
A aportación da documentación esixible ao abeiro do disposto no apartado 1 do art. 146 do TRLCSP, na modificación operada pola lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internalización, relativa á acreditación da personalidade e representación do licitador, e da clasificación e/ou solvencia económico-financieira e técnica substituirase por unha declaración responsable segundo o modelo que figura como anexo II, sen prexuízo de que sexa esixible posteriormente a documentación acreditativa da capacidade e solvencia e que a mesa se refira a data anterior á de finalización do prazo para presentar proposicións.

B) Documento de aceptación de forma de comunicación/notificación:
Os licitadores presentarán o seguinte documento:

| |
|---|
| *"D/Dª____________ , no seu propio nome (ou na representación da empresa ________________), acepto expresamente que as comunicacións e notificacións que realice o Concello de Bueu, en relación coa contratación do* ***SERVIZO DE BAR- CAFETERÍA NO EDIFICIO DO CENTRO SOCIAL DO MAR DO CONCELLO DE BUEU"****, se realicen mediante o seu envío ao fax núm.______________________ E/OU ao correo electrónico______________________________________________* |
| *En ________________, a __________de___________________ de 2015* |
| *Selo e sinatura do licitador,* |

VII.2.2.**Sobre A: Oferta económica**
ESTE SOBRE PRESENTARASE DE FORMA INDEPENDIENTE DA DOCUMENTACIÓN SINALADA NA CLAÚSULA VII.2.1
Conterá a proposición económica que será formulada estritamente, consonte ó modelo que figura no anexo III deste prego, debidamente asinada e datada.

A proposición económica se presentará debidamente cumprimentada e non se aceptarán aquelas que teñan omisións, erros ou tachaduras que impidan coñecer claramente o que a Administración estime fundamental para considerar a oferta.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

O importe da proposición económica deberá consignarse en letra e número. No caso de que existan discrepancias entre o importe consignado en letra e o importe consignado en número, prevalecerá o importe posto en letra.

**A introdución da oferta económica ou de calquera outro documento que permita deducir ou coñecer o seu importe dentro do sobre A dará lugar á automática exclusión do procedemento de adxudicación do licitador incurso en dita circunstancia.**

VII.2.3.- **Documentos orixinais e lingua**
Os documentos que se acompañen ás proposicións deberán vir redactados en lingua castelán ou galego e haberán de ser orixinais. Non obstante, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo secretario ou funcionario en quen delegue, nas que se faga constar que foron cotexadas cos seus orixinais. A documentación redactada noutra lingua deberá acompañarse da correspondente tradución oficial ao galego ou castelán, en senso contrario, nos será tida en conta.

## VIII. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

VIII.1. Criterios de adxudicación
O único criterio a considerar será o canón ofertado, nos termos previstos no art. 150.1 do TRLCSP, entendéndose que a oferta economicamente máis vantaxosa é a que incorpore o maior canón. Neste senso outórgaselle a maior puntuación (10 puntos) ao licitador que mellor oferta realice, calculando a ponderación das restantes ofertas con aplicación da seguinte fórmula:

$$P= (10xOF/MAX)$$

Onde P= puntuación obtida
OF= oferta correspondente ao licitador que se valora
MAX= importe da oferta máxima

VIII.2. Normas xerais
Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, non acadase o importe mínimo do prezo de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe do canón, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desestimada polo órgano de contratación, en resolución motivada.

A presentación da oferta vincula ao contratista coa administración municipal de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á prestación do servizo, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a maneira de exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois de: a) a apertura de plicas, b) adxudicación do contrato, d) antes da formalización do contrato) faculta ao Concello para que proceda á incautación da garantía, no seu caso, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e perdas causados á administración contratante e demais consecuencias previstas en TRLCSP. A este efectos, tendo en conta que os contratistas están dispensados de constituír a garantía provisional, a Corporación poderá esixir dito importe mediante o procedemento de constrinximento, así como para a indemnización por danos e perdas.

VIII.3.Apertura e valoración das ofertas.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

A mesa de contratación constituirase ás 10 horas do quinto día hábil seguinte ao do remate de presentación de proposicións (agás sábados), podendo atrasarse ata o décimo día natural, dende o seguinte ao do remate do prazo de presentación de proposicións, no caso de que non figuren a totalidade das presentadas no Servizo de Contratación, o cal se anunciará oportunamente no perfil do contratante con 24 horas de antelación como mínimo. Unha vez verificadas as declaracións responsables presentadas procederase á apertura pública do sobre A que se valorará mediante a aplicación da fórmula prevista no presente prego, nese mesmo intre ou con posterioridade.

A Mesa, á vista das proposicións e demais circunstancias que deban de terse en conta e en atención aos informes técnicos e asesoramentos que estime oportuno solicitar, valorará as distintas proposicións presentadas e clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas que non fosen declaradas desproporcionadas ou anormais. En caso de empate, resolverase a licitación a favor da empresa que acredite ter a maior porcentaxe de persoal laboral fixo con discapacidade no seu cadro de persoal, sempre e canto a devandita porcentaxe sexa superior ao 2%. Caso de non darse ditas circunstancias, adxudicarase ao que presentase a mellor oferta económica; de persistir o empate, resolverase por sorteo entre os licitadores empatados.

A mesa de contratación realizará a proposta de adxudicación ao órgano de contratación no prazo máximo de dous meses dende a apertura das ofertas agás que se dea a circunstancia prevista no artigo 152.3 do TRLCSP, caso no que poderá ampliarse en 15 días hábiles.

VIII.4. Presentación de documentación e adxudicación do contrato
Efectuada a clasificación, por orde decrecente, das proposicións presentadas e que non foran declaradas desproporcionadas ou anormais, o órgano de contratación requirirá do licitador cuxa proposición sexa a economicamente máis vantaxosa para que, no prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que houbera recibido o requirimento, presente a seguinte documentación:

a) A documentación xustificativa de que se atopa ó corrente no cumprimento das súas **obrigas tributarias e coa Seguridade Social** ou autorice ó órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación delo.
Tal acreditación realizarase de acordo co seguinte (arts. 13 e seguintes do RD 1098/2001):

- Obrigas tributarias:

1.- Orixinal ou copia compulsada da alta no imposto sobre Actividades Económicas no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato, sempre que exerza actividades suxeitas a dito imposto, en relación coas que veña realizando á data de presentación da súa proposición, referida ó exercicio corrente, ou o último recibo, completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto.
Os suxeitos pasivos que estean exentos do imposto deberán presentar declaración responsable indicando a causa de exención. No suposto de atoparse nalgunha das exencións establecidas no artigo 82.1 apartados b), e) e f) do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, deberán presentar así mesmo resolución expresa da concesión da exención da Axencia Estatal de Administración Tributaria.
As unións temporais de empresarios deberán acreditar, unha vez formalizada a súa constitución, a alta no imposto, sen prexuízo da tributación que corresponda ás empresas integrantes da mesma.
2.- Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración tributaria, na que se conteña xenericamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 13 do RD 1098/2001.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

3.- Ademais, o licitador non deberá ter débedas de natureza tributaria en período executivo de pago co Concello de Bueu. Neste senso, a administración municipal, DE OFICIO, comprobará mediante os datos obrantes na Tesourería o cumprimento de dita obriga.

.- Seguridade Social:
Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social, na que se conteña xenericamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 14 do RD 1098/2001.

b) A documentación xustificativa de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente consonte dispón a cláusula IV.2 dos PCAP.

c) A documentación xustificativa de ter aboado tódolos anuncios de licitación.

d) A documentación acreditativa da capacidade xurídica e de obrar, así como da solvencia económico-financieira e técnica esixible no artigo 146 do TRLCSP relacionada no anverso do modelo de declaración xurada que figura como anexo II ao presente prego en base aos requisitos mínimos de solvencia regulados nestes pregos e no cadro resume do contrato do anexo I destes pregos.

e) Orixinal ou copia compulsada das pólizas de seguro sinaladas na cláusula XI.1 destes pregos e xustificación do pagamento da correspondente cota, ou certificación de apoderado debidamente acreditado da compañía de seguros que especifique a súa vixencia.

f) Proxecto descritivo do servizo de explotación que inclúa unha descrición detaiada da maquinaría, mobiliario e medios auxiliares que vaian a ser adscritos á prestación do servizo así como dos produtos, artigos e/ou servizos que se ofertarán aos usuarios (cunha extensión máxima de 10 follas DIN A4 en WORD tipografía 10.). Axuntarase ao anterior, a relación de persoal con indicación do organigrama estrutural e funcional, con especificación personalizada, no seu caso, da titulación, formación especializada, experiencia laboral, suficientemente acreditada; e mesmo acreditación de manipulador/a de alimentos e primeiros auxilios. Deberá indicar, así mesmo, as funcións de cada persoa, horarios ou xornada de contratación, recollido en cadro sintético.

Os licitadores enumerarán, de forma expresa e clara, aqueles documentos que consideren que, polo seu contido, deben ser reservados por razóns dos intereses comerciais ou de salvagarda da competencia. De non conter ningunha especificación entenderase que o licitador considera que ningún dos documentos presentados merece aquela reserva polo seu contido.

De acordo co previsto no art. 22 do Rd 1098/2001, poderá solicitarse do empresario aclaracións sobre os certificados ou documentos presentados para xustificación da súa capacidade, solvencia técnica e económica e ausencia de prohibicións para contratar, ou mesmo lle pedir a presentación doutros complementarios. Tales requirimentos deberán de cumprirse nun prazo máximo de 5 días naturais.

Por outra parte, se se observasen defectos ou omisións subsanables na documentación presentada comunicarase á empresa concedéndolle un prazo de tres días hábiles para emenda. No suposto de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose a recadar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que houberan quedado clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. Na adxudicación concretaranse os termos definitivos do

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

contrato. Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo co criterios que figuren no prego. A adxudicación será motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante. A notificación conterá a información necesaria que permita, de ser o caso, ao licitador excluído ou candidato descartado interpor, consonte ao artigo 40, o recurso correspondente, e, en particular, expresará os seguintes extremos:
- En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que desestimouse a súa candidatura.
- Con respecto aos licitadores excluidos do procedemento de adxudicación, as razóns polas que non se houbera admitido a súa oferta.
- En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e ventaxas da proposición do adxudicatario determinantes da súa elección preferente aos do resto de licitadores admitidos.

En todo caso, na notificación e no perfil do contratante, indicarase o prazo en que debe procederse a súa formalización consonte ao artigo 156.3 do TRLCSP. A notificación practicarase por calquera dos medios que permiten deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderá efectuarse por correo electrónico á dirección que os licitadores ou candidatos determinasen ao presentar as súas proposicións, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servicios Públicos. Sen embargo, o prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, será de cinco días. O prazo máximo para efectuar a adxudicación será de dun mes a contar dende a apertura das proposicións.

## IX. MESA DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación estará asistido por unha Mesa de Contratación que será o órgano competente para efectuar a valoración das ofertas e actuará conforme ao previsto no Real Decreto 817/2009, desenrolando as funcións previstas no mesmo.
A Mesa de Contratación estará constituída polos seguintes membros:

- O Sr. Alcalde-Presidente
- O Sr. Concelleiro delegado de economía e facenda.
- O Interventor do Concello.
- A Secretaria do Concello.
- O arquitecto técnico municipal.

Actuando como secretaria da Mesa de Contratación, a Xefa do Negociado de Secretaría do Concello.
O secretario terá voz pero non voto.

A Mesa poderá constituírse validamente coa asistencia, polo menos, do seu Presidente e Secretario, e da metade dos seus membros, entre os que deberán estar, necesariamente, os vogais en funcións de Asesoría Xurídica e Intervención. No curso das súas funcións poderá pedir os informes e asesoramentos que considere convenientes.

De conformidade co sinalado no art. 24.1 da Lei 30/1992, os membros do órgano sinalado non poderán absterse na súas votacións.

A composición nominal dos membros da mesa de contratación deberá de publicarse no perfil do contratante, cunha antelación mínima de 7 días con respecto á reunión que deba celebrar para a cualificación da documentación xeral a que fai referencia o art.146.1 do TRLCSP.

## X. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO E OBRIGAS PREVIAS

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

Para o caso de que o contrato fora adxudicado a unha Agrupación de Empresas deberán estas acreditar a súa constitución, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato, e NIF asignado á Agrupación.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentarase, previamente á formalización do contrato administrativo, copia das póliza e recibo dos seguros de responsabilidade civil obrigatorio para o adxudicatario, segundo a cláusula VIII.4.e) dos presentes pregos.

Cumpridos os anteriores requisitos, a Administración e o contratista formalizarán o contrato en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicions da licitación, constituindo dito documento título suficente para acceder a calquer rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato sexa elevado a escritura pública, corriendo do seu cargo os correspondentes gastos.
En ningún caso poderanse incluír no documento en que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

O contratista, ademais do contrato, deberá asinar os PCAP e os PPT .

Nos casos de incumprimento da obriga precisada nesta cláusula por parte da empresa proposta ou adxudicataria, o contrato poderá resolverse, de ser o caso, e adxudicarase á seguinte oferta máis vantaxosa.

Ambas partes (Concello de Bueu e adxudicatario) obríganse solidariamente a presentar ante a Administración portuaria con carácter previo ó inicio da actividade, aos efectos procedentes, os plans de prevención de riscos laborais e de continxencias e emerxencias que resulten preceptivas segundo a normativa xeral e particular de aplicación ao Porto de Bueu.

A Administración Portuaria non será parte do contrato, e este non resultará opoñible fronte á mesma, polo que a extinción por calquera causa da concesión implicará a rescisión automática do contrato.

**Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización.**

## XI.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

XI.1. Risco e ventura, responsabilidade do contratista e cobertura de riscos.
O contrato executarase a risco e ventura do adxudicatario, que asumirá a responsabilidade civil, laboral e fiscal que derive da prestación dos servizos de bar-cafetería no Centro Social do Mar do Concello de Bueu .

No que se refire a responsabilidade civil, o contratista asumirá a plena responsabilidade por danos e perdas que lle causen a calquera persoa física e xurídica, que sea consecuencia directa ou indirecta da execución do contrato ou do seu incumprimento, garantindo en todo caso que queden cubertas as responsabilidades orixinadas polas accións e omisións do persoal respecto de terceiros. A estes efectos, obrigase a ter contratado un seguro por un capital mínimo de cobertura de 300.000 euros por prexuízo e sinistro.

Asemade subscribirá un seguro, cuxo beneficiario sexa o concello, que cubra os danos materiais, accidentais, súbitos e imprevisibles que se orixinen nos elementos de construción, louza sanitaria e instalacións fixas dos locais (continente), debendo figurar na mesma como suma asegurada para este concepto a cantidade mínima de 150.000,00 euros.

CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación
RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111


DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

O contratista subscribirá un seguro de accidentes que comprenderá todo o persoal contratado durante a totalidade do tempo de prestación do servizo, cunha cobertura mínima de 10.000 € por sinistro.

Con carácter previo á adxudicación do contrato, o adxudicatario presentará no concello unha fotocopia compulsada das condicións particulares e xerais que regularán os seguros a que esta cláusula se refire e dos recibos de pagamento das primas, debendo manter debidamente actualizada dita documentación. Asemade, deberá facerse a mención expresa nas pólizas de que non poderán ser canceladas sen o consentimento expreso do concello.

Non se admitirán o establecemento de franquías nestes seguros. Se realizase franquías deberá de solicitalo expresamente, e autorizarse con carácter previo polo concello. Se o solicita e non se resolve no prazo dun mes polo concello, enténdeselle denegada a petición. Se se lle autorizase o establecemento de franquías, deberá de proceder a garantir os importes desas franquías na forma que determine o concello.

O contratista tramitará a súa costa todas as autorizacións e demais requisitos legais que requira o cumprimento do contrato.

O contratista achegará a súa costa tódolos medios materiais, persoais e técnicos necesarios para a perfecta prestación dos servizos de bar- cafetería . A infracción da lexislación sobre seguridade social, relacións laborais e dos convenios colectivos aplicables ao cadro de persoal adscrito ó servizo de bar-cafetería, constituirá causa de extinción do contrato, por incumprimento do contratista.

O concello non se fai responsable da falta de pago do contratista os seus provedores, nin dos deterioros e/ou roubos que se puideran producir nas instalacións.

A concesión implica que o concesionario xestionará a actividade da concesión ó seu risco e ventura.

XI.2. Obrigas do contratista
O contratista ten as seguintes obrigacións:

1. Realizar a actividade obxecto do contrato (servizos de bar-cafetería), con exclusión de calquera outra, conforme as disposicións deste prego e demais normativa de aplicación.

2. Expoñer publicamente de forma visible o prezo dos produtos, servizos e consumicións obxecto de venda.

3. Prestar os servizos de bar-cafetería durante o horario e os días que ordee dende o concello, de acordo co establecido nos PPT, dentro dos límites legalmente establecidos, durante todo o período de duración do contrato.
   Os servizos prestaranse sen interrupcións, salvo as debidas a causas de forza maior. Non obstante deberá de considerarse o disposto na cláusula seguinte respecto a posibles períodos de peche do local por obras de reforma.

4. Estar ao corrente, en todo momento, das obrigacións tributarias, laborais e da seguridade social, seguridade e hixiene no traballo, sanitarias, manipulación de alimentos e calquera outra que a normativa vixente esixa para o exercicio da

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111


DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

actividade que se presta, quedando o concello exonerado de calquera responsabilidade por este incumprimento. Todo o persoal que o contratista destine a execución do contrato non terá vinculación laboral ou de ningún outro tipo co concello, debendo ser contratados polo adxudicatario en réxime ou na modalidade que legalmente corresponda. Será de conta do adxudicatario os gastos do persoal empregado (incluído os que poidan orixinarse pola extinción do contrato), incluída á cotización á Seguridade Social, así como primas de seguros, e demais gastos propios da explotación.

5. Tramitar ao seu cargo todas as licenzas, autorizacións e permisos de calquera Administración que sexan precisas, en especial a licencia municipal de actividade, de obra, ou as autorizacións ambientais autonómicas ou locais.

6. Con carácter xeral, está obrigado, a súa custa, a conservación e mantemento de todas as instalacións e bens que se utilicen nos servizos de bar-cafetería, e esta obriga implica, as seguintes:

   - Conservar a súa custa todas as dependencias e instalacións dos servizos de bar-cafetería en perfectas condicións de funcionamento, limpeza e hixiene, durante todo o día, destinándoas exclusivamente ao uso pactado. Realizará a súa custa as operacións de conservación, reparación e mantemento que sexan necesarias, así como calquera outras que resulten indispensables para o normal funcionamento das instalacións.
   - Achegar e manter, a súa custa, en perfecto estado o utillaxe, enseres, menaxe e demais bens propios da instalación, repoñendo o material en caso de perda, substracción ou danos, no prazo máximo 10 días. Sinálase en concreto a obriga de repoñer todos aqueles elementos da louza que presenten calquera dano ou deterioro (vasos, pratos, etc.).
   - Recoller e depositar en colectores habilitados ao efecto os residuos que xere o exercicio da actividade obxecto do contrato.

7. A manter, a súa custa, en perfectas condicións de ornato e limpeza os espazos afectos a prestación dos servizos de bar-cafetería con tódolos bens mobles e inmobles afectos a este. Cando menos a limpeza interior do local ou locais obxecto do contrato efectuarase a diario. Neste senso quedará obrigado á limpeza xeral dos locais, comprendendo superficies, solos , cristais, mobiliario, portas, aseos e, en xeral, calquera outro elemento que o requira.
   O servizo de limpeza deberá realizarse fora do horario normal de funcionamento, e puntualmente sempre que sexa necesario consonte ás seguintes normas:
   .- A limpeza dos aseos realizaranse como mínimo catro veces por día así como a recollida de papeis, cabichas, etc. durante o horario de funcionamento da cafetería.
   .- Os cubos e colectores de lixo, estarán perfectamente limpos coa tapa de peche hermético e baleirándose diariamente, debendo depositarse nun lugar adecuado e non visible polo público usuario do servizo.
   - Procederase á desinfección e desinfectación anual dos locais e puntualmente cando o considere o Concello. Estes traballos deberán ser realizados por unha empresa autorizada debendo presentar por escrito a xustificación de telos realizados.

8. Deberá garantirse a correcta presentación, conservación e exposición dos produtos e consumicións obxecto de venda.

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111


DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

9. Realizar as labores de carga e descarga de mercadorías fora do horario de apertura ó público e sen interferir na actividade do edificio.

10. Adquirir as mesas e cadeiras, o menaxe e aparellos de hostalaría de que non se dispoñan e sexan precisos para o normal exercicio das actividades de bar-cafetería.

11. O pago dos gastos que se especifican na cláusula III.4 destes pregos.

12. Deberá achegar toda a documentación e información que lle sexa requirida polo concello no prazo que sinale este, e facilitarlle o seu persoal o acceso ao local e instalacións.

13. Todo o persoal ao seu servizo deberá coidar o aseo e a boa presentación e deberá observar en todo momento un trato correcto cos usuarios dos servizos de bar-cafetería. Neste senso, utilizará roupa de uso exclusivo de traballo e en perfecto estado de limpeza e observará a máxima pulcritude no seu aseo persoal.

14. O persoal que preste os servizos deberá posuír o carné de manipulador de alimentos antes de ser contratados sendo esixible o xustificante de ter superado as probas coa periodicidade que estableza a regulamentación técnico-sanitaria de aplicación.

15. Poñer a disposición dos usuarios as correspondentes follas de reclamacións oficiais de conformidade coa normativa vixente. Cumprir a normativa sobre locais de pública concorrencia, hostalaría, consumo, sanidade, etc.

16. Admitir a todo usuario no goce dos servizos, pagando o correspondente prezo, en condicións de igualdade, sen discriminación de ningún tipo.

17. Deberá obter autorización municipal previa para colocación de calquera máquina recreativa, de xogo ou azar. O concello analizará o tipo de máquina e a súa compatibilidade, debendo de ser, en todo caso, exclusivamente do tipo A segundo o Real Decreto 2110/1998.
    Queda prohibida a venda e consumo de bebidas alcohólicas a menores.
    Queda prohibida a venda de tabaco agás en máquinas expendedoras, sen que se lle poida autorizar aos menores aos que legalmente se lle prohiba.

18. Poñer en coñecemento inmediato do concello cantas actuacións ou incidencias podan producirse no local obxecto dos servizos de bar-cafetería que puideran ser contrarias o seu normal destino.

19. Deberá exercer por si o contrato, sen que poida cedelo sen autorización previa do concello e sen cumprir os requisitos establecidos no artigo 226 do TRLCSP.

20. Non poderá traspasar ou ceder a terceiras persoas o uso e aproveitamento do local obxecto deste contrato e dos bens afectos a estes servizos, nin total nin parcialmente.

21. Non poderá gravar, arrendar, subarrendar, nin allear os bens mobles ou inmobles afectos aos servizos de bar-cafetería.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

22. Non poderá facer uso nas súas relacións comerciais, laborais ou calquera outras do nome do concello de Bueu, salvo autorización por escrito deste.

23. Non poderá realizar publicidade comercial a favor doutras empresas nas instalacións cedidas, salvo autorización do concello.

24. Deberá abandonar os locais obxecto do contrato así como os bens afectos aos servizos de bar-cafetería, a disposición do concello, en perfecto estado de funcionamento e uso unha vez se produza a extinción do contrato por calquera causa.

25. Indemnizar a terceiros e ao concello polos danos e perdas que ocasionará a execución do contrato, segundo o precisado na cláusula XI.1 destes pregos.

26. Cumprir as normas contidas na regulamentación dos bares-cafeterías.

27. A atender calquera requirimento de información e documentación no prazo máximo de dez días, excepto se o concello autoriza un maior á vista da entidade do requirido.

28. Deberá repoñer a garantía definitiva en caso de que se fagan efectivas penalidades nela no prazo de quince días naturais.

29. Gardar sixilo respecto dos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e dos que teña coñecemento con ocasión do mesmo.

30. Deberá presentar anualmente:
    No mes de xaneiro de cada ano un orzamento que inclúa os ingresos e gastos previstos.
    No mes xaneiro do ano seguinte, unha memoria económica detallando os ingresos e gastos producidos.

31. <u>Calquera outra obrigación que se estableza na normativa vixente ou nestes pregos.</u>

XI.3. <u>Dereitos do contratista</u>
O contratista terá os seguintes dereitos:

1. Usar os locais obxecto deste contrato de modo privativo para exercer a actividade para a que está autorizado, respectando o principio de non discriminación.

2. A xestión e explotación dos servizos de bar-cafetería durante o prazo de duración do contrato, conservando os espazos ocupados e instalacións en bo estado de seguridade, salubridade e ornato público.

3. Obter do concello de Bueu a protección que resulte indispensable para a explotación dos servizos.

4. Percibir dos usuarios os prezos polos produtos e servizos que preste.

5. A executar, logo da autorización municipal e segundo o disposto nestes pregos, as obras de reforma que entenda convenientes para a mellor prestación dos servizos. Autorizadas, permitirase a suspensión da prestación co peche, total ou parcial das

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

instalacións, ata que se rematen as obras e instalacións previamente autorizadas a través das correspondentes licenzas. Superado o prazo máximo do seu remate, fixado nas devanditas licenzas, ou a prórroga concedida segundo estas, aplicarase o réxime de penalidades previsto nestes pregos. En todo caso, e con carácter previo á execución, o contratista deberá presentar a Portos de Galicia o proxecto das obras e instalacións que pretenda executar para a súa aprobación e tramitación se procede.

XI.4. Potestades do concello
O concello de Bueu ostenta as seguintes potestades:

1. As que se enumeran no artigo 210 do TRLCSP.
   As posibles modificacións contractuais rexeranse, por analoxía, segundo o disposto no TRLCSP para o contrato de xestión de servizos, salvo no que resulte incompatible.

2. A de fiscalizar e inspeccionar os locais, as instalacións e bens dos servizos de bar-cafetería, dando as ordes oportunas para que estes se presten correctamente e non sufran menoscabo os bens afectos.
   Estas inspeccións realizaranse cando así se estime polo concello e, en todo caso cada, dous anos, os servizos municipais comprobarán o estado no que se atopan as instalacións e bens municipais adscritos ao servizo, así como a suficiencia dos achegados pola adxudicataria.

   Á vista do resultado destas inspeccións o concello poderá dar a instrucións oportunas para que o contratista leve a cabo as obras de reparación e mantemento menores que, a súa custa, lle corresponden segundo este contrato, ou a adquisición daqueles elementos necesarios para a prestación dos servizos, segundo resulte das obrigas do presente prego e das prescricións técnicas contidas nos PPT e dos compromisos que resulten do Proxecto de Explotación presentado con carácter previo á adxudicación (cláusula VIII.4.f) .

3. A de acordar e executar por si mesmo o lanzamento ao finalizar o prazo do contrato no suposto de que o adxudicatario se negara a abandonar e deixar libres e a disposición da Administración os bens obxecto deste contrato e os que deban revertirlle.

XI.5. Incumprimentos do contratista

XI.5.1. Infraccións do adxudicatario
As infraccións que cometa o adxudicatario, clasificanse en leves, graves e moi graves, de acordo coa tipificación seguinte:

**A**. Infraccións **leves**. Terán a calificación de infraccións leves as seguintes:

- Calquera descuberto no pago á Seguridade Social das cotas (empresarial e do traballador) correspondentes aos traballadores afectos aos servizos, cando este descuberto se estenda ata 5 días naturais.

- O retraso ata 5 días naturais no cumprimento das obrigas tributarias.

- O incumprimento das súas obrigacións salariais que supoñan a falta de abono de calquera nómina mensual, paga extraordinaria, ou gratificación por

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

importes equivalentes a calquera das dúas anteriores, cando este incumprimento non se demore máis de 5 días naturais.

- A omisión do deber de comunicar as incidencias ou anomalías non imputables o contratista de maneira inmediata e o máis tardar en vintecatro horas.

- O retraso no abono da parte alícuota do canon cando aquel non sobrepase os 5 días naturais seguintes a cada un dos vencementos, sen prexuízo de que o concello proceda, de ser o caso, o seu cobro pola vía de prema e se xeneren os xuros de demora, recargos e demais conceptos de conformidade coa normativa tributaria, que deberán de ser aboados polo contratista.

- O incumprimento do deber de limpeza diaria das instalacións interiores.

- A falta de renovación, substitución ou pago das cotas dos seguros obrigatorios segundo estes pregos, de tal forma que se produzan períodos sen cobertura non superiores a 5 días naturais.

- A non prestación dos servizos de bar-cafetería durante non máis de 3 días consecutivos.

- A falta de respecto ao público, ou aos empregados municipais encargados da inspección.

- Os altercados ou disputas entre o persoal dos servizos durante a súa prestación.

- Calquera outra acción ou omisión que infrinxa as obrigacións ou deberes recollidas no presente prego ou no regulamento do servizo e non resulte tipificada como infracción grave ou moi grave.

**B.** Infraccións **graves**. Terán a consideración de infracción graves, as seguintes:
.
- Calquera descuberto no pago á Seguridade Social das cotas (empresarial e do traballador) correspondentes aos traballadores afectos aos servizos, cando este descuberto se estenda máis de 5 días e ata 10 días naturais.

- O retraso superior a 5 días e ata 10 naturais no cumprimento das obrigas tributarias.

- O incumprimento das súas obrigacións salariais que supoñan a falta de abono de calquera nómina mensual, paga extraordinaria, ou gratificación por importes equivalentes a calquera das dúas anteriores, cando este incumprimento se demore máis de 5 días e ata 10 días naturais.

- O incumprimento que non mereza, segundo a lexislación aplicable, a consideración de grave das obrigas establecidas pola lexislación laboral, de seguridade e saúde e prevención de riscos laborais.

- A non comunicación de maneira inmediata e o máis tardar en vintecatro horas, de calquera incidencia ou anomalía que sexa imputable o contratista.

CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación
RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111


DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

- Poñer dificultades as tarefas de control da administración, como dificultar ou impedir as actuacións inspectoras da Administración.

- A demora na aportación de informes ou documentos en xeral, que sexan solicitados polo concello no prazo establecido polo mesmo ou fixado, no seu caso, nestes pregos.

- A non comunicación previa ao concello de calquera substitución ou modificación de persoal.

- O retraso en máis de cinco días naturais e menos de trinta seguintes a cada un dos vencementos, sen prexuízo de que a concello proceda, de ser o caso, o seu cobro pola vía de prema e se xeneren os xuros de demora, recargos e demais conceptos de conformidade coa normativa tributaria, que deberán de ser aboados polo contratista.

- O incumprimento do deber de mantemento do local e bens afectos aos servizos en perfecto estado de conservación, entendendo que se produce tal incumprimento cando non se inicie a reparación dos desperfectos nun prazo de 7 días desde que se manifesten, cando esta reparación fose de competencia do contratista segundo os presentes pregos. De existir orde expresa do concello sinalando o prazo correspondente, a infracción cualificarase como moi grave segundo o apartado C) desta cláusula.

- O incumprimento do deber de mantemento das instalacións nas debidas condicións hixiénicos sanitarias, cando non exista transcendencia para a saúde pública.

- As accións ou omisións que interfiran ou alteren ocasionalmente a prestación dos servizos.

- A ocupación do persoal noutras tarefas durante o horario de funcionamento dos servizos.

- A falta de renovación, substitución ou pago das cotas dos seguros obrigatorios segundo estes pregos, de tal forma que se produzan períodos sen cobertura de entre 5 días e 10 días naturais.
  Tamén terán a consideración de infraccións graves a modificación destas pólizas sen consentimento expreso do concello, cando diminúan as sumas garantidas ou limiten os supostos de responsabilidade, sen prexuízo da obriga de repoñelas logo da orde do concello, cuxo incumprimento terá a consideración de infracción moi grave.

- O exercicio da actividade fóra do perímetro autorizado.

- A non prestación dos servizos de bar-cafetería durante 4 ou máis días consecutivos, ou entre 10 e 15 días alternos no curso dun ano.

C. Infraccións **moi graves.** Terán a consideración de infracción moi graves as seguintes:

1. Calquera descuberto no pago á Seguridade Social das cotas (empresarial e do traballador) correspondentes aos traballadores afectos aos servizos, cando este descuberto se estenda máis de 10 días naturais.

2. O retraso superior a 10 días naturais no cumprimento das obrigas tributarias.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

3. O incumprimento das súas obrigacións salariais que supoñan a falta de abono de calquera nómina mensual, paga extraordinaria, ou gratificación por importes equivalentes a calquera das dúas anteriores, cando este incumprimento se demore máis de 10 días naturais.

4. O grave incumprimento das obrigas establecidas pola lexislación laboral, de seguridade e saúde e prevención de riscos laborais.

5. O falseamento dos datos entregados ao concello.

6. Non realizar o inventario cos servizos do concello ou poñer dificultades ou obstáculos a súa realización.

7. O incumprimento da normativa sanitaria con transcendencia para a saúde dos usuarios.

8. Calquera conduta constitutiva de delito, especialmente as coaccións, roubos e hurtos os usuarios.

9. O retraso en trinta días naturais ou máis no abono da parte alícuota do canón dos vencementos, sen prexuízo de que a Corporación proceda, de ser o caso, o seu cobro pola vía de prema e se xeneren os xuros de demora, recargos e demais conceptos de conformidade coa normativa tributaria, que deberán de ser aboados polo contratista.

10. A non realización das obras de mantemento e conservación ou reparación que sexan ordenadas polo concello no prazo fixado.

11. A contratación de novo persoal sen autorización previa do concello.

12. A negativa do contratista a abandonar e deixar libres e vacuos os bens que deban reverter o concello á finalización do contrato por cumprimento ou resolución no prazo fixado neste prego.

13. Arrendar, subarrendar, gravar ou allear os bens afectos aos servizos de bar-cafetería, baixo calquera modalidade ou título.

14. Traspasar ou ceder a terceiras persoas o uso e aproveitamento dos locais obxecto deste contrato e dos bens afectos a estes servizos, nin total nin parcialmente.

15. Ceder o contrato sen autorización previa expresa do concello.

16. Non deixar os bens ou só algúns dos que deban reverter o concello ao final do contrato en perfecto estado de conservación e mantemento.

17. A non reposición da garantía definitiva cando se fagan efectivas as penalidades no prazo de quince días naturais.

18. A falta de renovación, substitución ou pago das cotas dos seguros obrigatorios segundo estes pregos, de tal forma que se produzan períodos sen cobertura superiores a 10 días naturais.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

19. A falta de inicio da prestación dalgún dos servizos no prazo conferido ao efecto segundo estes pregos.

20. A non prestación dos servizos de bar-cafetería durante 5 ou máis días consecutivos, ou máis de 15 días alternos no curso dun ano.

21. A comisión da 3ª infracción grave, cualificada como tal en vía administrativa, nun prazo non superior a 1 ano será cualificada como infracción moi grave, a efectos de penalización e posibilidade de resolución.

XI.5.2. Penalidades
1.-As infraccións conlevarán a imposición por parte do concello de penalidades de multa, que se imporán en calquera caso.

2.- A multa a impoñer ten tres grados, que se corresponden respectivamente con infraccións leves, graves e moi graves, que establecen os límites seguintes:

α) As infraccións leves sancionaranse con multa entre 80 euros ata 420,00 euros.
β) As infraccións graves sancionaranse con multa entre 421 euros ata 840,00 euros.
χ) As infraccións moi graves sancionaranse con multa entre 841,00 euros a 1260,00 euros.

Para a súa gradación atenderase ao dano ou prexuízo producido ao servizo, ao público e ao concello, a intencionalidade, reiteración, e contía económica, principalmente.

3.- Con independencia das sancións que se lle impoñan o contratista, o concello pode esixir sempre o cumprimento das obrigacións do contratista a través dos medios previstos pola normativa administrativa.

4.- A comisión de infracción moi graves pode dar lugar, ademais do pagamento da oportuna sanción, á resolución do contrato por causa imputable ao contratista.

5.- A demora dos prazos fixados nestes pregos para o cumprimento de obrigas do contratista, cando non teñan prevista sanción expresa segundo a cláusula anterior, penalizaranse segundo a seguinte fórmula:

Penalidade diaria por demora = importe do canon anual correspondente x 1,5 / 365.

Ditas penalidades aplicaranse igualmente nos casos de suspensión da actividade, cando non deban de ser cualificadas como infraccións leves, graves ou moi graves segundo o artigo anterior.

XI.5.3. Imposición de penalidades
A imposición das multas so require audiencia ao contratista durante 10 días hábiles.

A competencia para impoñer as multas será do alcalde do concello.

O importe da multa satisfarase ao concello por parte do contratista no termo de 30 días naturais seguintes o da súa notificación.

De non satisfacerse dentro do termo, as multas faranse efectivas de acordo coa prelación seguinte:

1.- Incautación da garantía definitiva en importe necesario para cubrir as multas impostas. Para tal efecto o contratista haberá de completar a garantía incautada.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

2.- En canto o abonamento do importe das multas non quede cuberto na súa totalidade pola garantía definitiva, o concello poderá utilizar os medios de execución forzosa previsto na Lei 30/1992, de réxime xurídico de administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou norma vixente aplicable o caso.

A imposición das multas terá lugar sen prexuízo dos danos e perdas que sexan esixibles por parte do concello.

Se para facer efectiva as multas se incautase a garantía definitiva deberá reporse a contía nun prazo de 15 días naturais desde que se notifique dita incautación.

## XII.- EXTINCIÓN DO CONTRATO E EFECTOS

O contrato extínguese pola terminación da duración ( cláusula II) deste ou por resolución.

Son causas de resolución as seguintes:

- As establecidas no artigo 223 do TRLCSP.
- As infraccións moi graves previstas na cláusula XI.5.1.C) destes pregos.
- Incorrer o contratista en prohibición de contratar sobrevida.
- A decisión da administración de deixar sen efecto o contrato por razóns de interese público.
- A non adscrición do persoal mínimo ofertado polo adxudicatario.
- Calquera outra que se prevea expresamente pola normativa vixente en cada momento ou neste prego.
- Será causa de resolución automática e de pleno dereito a circunstancia de que a concesión administrativa se extinga por calquera causa,especialmente polas previstas no título da concesión, entre elas en particular a causa de caducidade concesional.

As infraccións moi graves que poden dar lugar a resolución do contrato réxense polas seguintes normas:

a) As infraccións moi graves son causas de resolución do contrato por causa imputable ao contratista.

b) A resolución do contrato é independente da imposición de multas, pois aínda cando se proceda a resolución do contrato, ou se teña dita posibilidade, o concello esixiralle as multas.

c) En caso de infracción moi grave que dea lugar a resolución do contrato, o concello pode optar libremente pola resolución do contrato.

d) As causas de resolución previstas como infraccións moi graves que ao mesmo tempo estean mencionadas expresamente no artigo 223 do TRLCSP, rexeranse en primeiro lugar polo disposto especificamente polo TRLCSP e nestes pregos.

A resolución do contrato acordarase por órgano contratante, de oficio ou a instancia do contratista, mediante o procedemento que resulte de aplicación conforme coa lexislación contractual administrativa.

A aplicación das causas de resolución realizarase de conformidade co establecido polo artigo 224 e cos efectos previstos polo 225, ambos do TRLCSP.

## XIII.- INVENTARIO E REVERSIÓNS

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

Antes do comezo do exercicio da actividade dos servizos de bar-cafetería realizarase un inventario de tódolos bens e instalacións obxecto deste contrato. Nese inventario faranse constar as instalacións que se dispoñen para a prestación dos servizos, o mobiliario que se dispón e demais propios dos servizos. Deberase diferenciar entre o que reverterá o concello e o que non.

